



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBAN AS DIRECTRICES DE PAISAXE DE GALICIA

En cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte,

INFORME

1. Obxecto

Constitúe o obxecto do presente decreto a aprobación das Directrices de Paisaxe de Galicia como instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe.

2. Marco normativo e competencial

Conforme co artigo 27.30 do Estatuto de autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega ostenta competencia exclusiva en normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución Española.

O Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda, establece que esta consellería é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, conservación do patrimonio natural, paisaxe e vivenda, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia, nos termos sinalados na Constitución española

No marco europeo hai que salientar o Convenio europeo da paisaxe, aprobado en 2000 e ratificado por España en 2007, co fin de promover a protección, xestión e ordenación das paisaxes europeas. Este convenio define a paisaxe como "elemento esencial para o benestar individual e social, cuxa protección, xestión e planeamento comporta dereitos e obrigas para todos".

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia regula a materia da paisaxe e, no seu artigo 8 establece como instrumento para a protección, xestión e ordenación da paisaxe, entre outros, o Catálogo da paisaxe e as Directrices da paisaxe.

O Decreto 119/2016, do 28 de xullo, aprobou o Catálogo das paisaxes de Galicia.

O Decreto 106/2018, do 4 de outubro, que modifica o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que a Consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma á que lle corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

O Instituto de Estudos do Territorio está adscrito á consellería e configúrase como un organismo autónomo dos regulados na sección 2.^a do capítulo II do título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. O artigo 9 dos seu estatuto dispón que ten por obxecto a análise, estudo e asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendéndose comprendida nela a ordenación, protección e xestión da paisaxe.

A disposición derradeira primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, modifica o punto 4 do artigo 9 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establecendo que corresponde ao Instituto de Estudos do Territorio a elaboración dos catálogos da paisaxe.

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 e 44 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Polo demais, e no que fai competencia para a aprobación do proxecto sobre o que versa o presente informe, a mesma correspóndelle ao Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 4.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, de acordo co disposto no artigo 34.5 d antedita Lei 1/1983 e dos artigos 37, 38, 39 e 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral de do sector público autonómico de Galicia, e tendo en conta o disposto no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda

3. Estrutura do proxecto normativo

O proxecto de decreto consta de un artigo, unha disposición transitoria, dúas disposicións derradeiras e catro anexos.

4. Tramitación

O proxecto de decreto tramítase de conformidade co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e tendo en conta o disposto na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia

No expediente constátase que de acordo co disposto no artigo 41.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto de decreto acompáñase dos seguintes documentos, correspondentes a fase inicial da tramitación:

- Unha memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade
- Unha memoria económica-financieira con estimacións dos costes que pida xerar e o seu financiamento.
- Un informe do servizo xurídico da Subdirección de Réxime Xurídico, de Coordinación Administrativa e da Planificación.

Consonte co artigo 41.3 da mesma lei, a aprobación inicial do anteprojecto como proxecto de decreto pola persoa titular tivo lugar en data 2 de marzo de 2018.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

En cumprimento do artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro e o artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno publicouse no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, estando aberto o prazo de suxestión ata o 7 de maio de 2018.

Non se fixo consulta pública previa prevista na Lei 39/2015, dado que no momento do acordo de inicio, decembro do ano 2016 non estaba en vigor.

Na fase intermedia da tramitación, foi sometido aos seguintes trámites:

- *Trámite de audiencia e información pública:* O proxecto foi remitido para alegacións a todas as Secretarías Xerais Técnicas das Consellerías da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o proxecto foi remitido a todos os Concellos (petición de Informe Preceptivo), así como a outras entidades que puidesen resultar interesadas, cun prazo de dous meses.

O proxecto tamén foi sometido a información pública de acordo cos artigos 16 a 18 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, e 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como o establecido na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. O anuncio publicouse no Diario Oficial de Galicia o 23 de marzo de 2018.

Consta no expediente a xustificación do tratamento das alegacións recibidas.

Informe e ditames: Durante a tramitación pronunciáronse sobre o proxecto os seguintes órganos:

- Informe de impacto de xénero da Secretaría Xeral de Igualdade de 10 de xaneiro de 2020
- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa de data 13 de xaneiro de 2020
- Informe de sostibilidade financeira da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos de data 14 de maio de 2020.
- Informe da Dirección Xeral de Función Pública de data 27 de febreiro de 2020.
- Informe da Dirección Xeral de Urbanismo de data 31 de xaneiro de 2020.
- Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 18 de febreiro de 2020.
- Informe preceptivo do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia de data 16 de decembro de 2020

Na fase final da tramitación, o expediente remítese ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, emitíndose o informe en data 21 de decembro de 2020.

A vista do anterior, e unha vez contrastada toda a documentación que consta no expediente, compróbase que a actuación desta Administración, tanto en canto á finalidade da norma como en canto á tramitación do expediente, adecuouse aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como esixe o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA
Secretaría Xeral Técnica

En cumprimento do disposto no artigo 43.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a aprobación da persoa titular da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Vivenda.

De conformidade co exposto, esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de Decreto pola que se aproban as Directrices da Paisaxe.

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2020

A secretaria xeral técnica

Carmen Bouso Montero

